

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

RESOLUCIÓN do 4 de maio de 2026, da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, pola que se publica a Resolución do 30 de abril de 2026 que pon fin ao procedemento de concesión das subvencións convocadas mediante a Orde do 30 de decembro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento SI427A).

**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE****Cofinanciado pola
Unión Europea****Fondos Europeos**

Con data do 26 de xaneiro de 2026 publícase no *Diario Oficial de Galicia* número 16 a Orde do 30 de decembro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento SI427A).

Para o financiamento desta convocatoria destínase un crédito por un importe total de un millón oitocentos cincuenta mil euros (1.850.000 €), que se imputan á aplicación orzamentaria 08.07.313B.481.2, código de proxecto 2023 00096.

Durante a fase de instrución das solicitudes recibidas na Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, e unha vez feitas as emendas e comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos, estas foron remitidas á Comisión de Valoración, órgano creado no artigo 13.2.

O órgano instrutor, tras a baremación e á vista do informe realizado pola Comisión de Valoración, formulou a proposta de resolución, que, como establece o artigo 13.4, elevou ao órgano competente, á Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, que, en virtude da competencia delegada na disposición adicional segunda para resolver os procedementos de concesión, emite a correspondente resolución con data do 30 de abril de 2026.

Segundo o artigo 15.3, por tratarse dun procedemento de concorrência competitiva, e de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemen-

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

to administrativo común das administracións públicas, as resolucións destas subvencións serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal producirá os mesmos efectos da notificación.

Polo exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do contido íntegro da Resolución do 30 de abril de 2026, ditada ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento SI427A), e que se xunta a esta resolución no anexo.

Segundo. Comunicar que a Resolución do 30 de abril de 2026 pon fin á vía administrativa e que contra ela poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente o recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Non se pode interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2026

María Quintiana Pérez
Directora xeral de Promoción da Igualdade

ANEXO

Resolución do 30 de abril de 2026 que pon fin ao procedemento de concesión das subvencións convocadas mediante a Orde do 30 de decembro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

CVE-DOG: e6xikgy2-tte8-jme3-asw3-dbd2phxuuhq0



de, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento SI427A).

Antecedentes:

Primeiro. Con data do 26 de xaneiro de 2026 publícase no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 30 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento SI427A).

Segundo. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e a convocatoria no ano 2026 das axudas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro rexistradas na área de igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), para o desenvolvemento de programas de recursos integrais de atención especializada dirixidos específica e exclusivamente a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

Terceiro. De acordo co establecido no artigo 1.5 das bases reguladoras, o procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co sinalado no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarto. De acordo co establecido no artigo 13.4 das bases reguladoras, avaliadas as solicitudes seguindo os criterios e as pautas de baremación establecidos no artigo 14 desta convocatoria, a Comisión de Valoración emitirá un informe segundo o cal o órgano instructor lle formulará proposta de resolución ao órgano competente para resolver a concesión ou a desestimación da subvención solicitada, e propondrá a concesión da subvención segundo a orde de puntuación e polo importe da axuda que corresponda ata esgotar o crédito dispoñible.

No caso de existiren solicitudes susceptibles de axuda, pero que non se inclúen na proposta de concesión anterior por se ter esgotado o crédito dispoñible, quedarán en lista de espera por orde de puntuación para seren atendidas no caso de producirse algunha renuncia ou algún incremento do crédito inicialmente dispoñible. Para estes efectos, o órgano instructor poderá formular sucesivas propostas de resolución con anterioridade ao remate do prazo de xustificación das axudas.



Así mesmo, no caso de quedar crédito libre despois de adxudicar a contía que lle corresponda a cada unha das entidades que resulten beneficiarias da subvención, e sempre que non exista lista de espera, este repartirase entre elas a partes iguais, de xeito que se manteña a proporcionalidade derivada da aplicación dos criterios de baremación, co límite da contía máxima da axuda ou, de ser inferior, da contía solicitada.

Quinto. De acordo co establecido no artigo 15.1 das bases reguladoras as resolucións que procedan ao abeiro desta orde serán ditadas pola persoa titular da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, que actuará por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, logo da proposta do órgano instrutor, e, no caso de que o seu contido sexa a concesión da subvención, tras a súa fiscalización pola Intervención delegada.

Sexto. Segundo o artigo 15.3 das bases reguladoras, por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a resolución destas subvencións será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal producirá os mesmos efectos da notificación. Nesta publicación especificaranse a data da convocatoria, a entidade beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como as solicitudes desestimadas, con expresión sucinta dos motivos da desestimación.

Por todo o anterior, tras o informe de baremación e a proposta emitida polo órgano instrutor, unha vez fiscalizado o gasto de conformidade pola Intervención Delegada, a directora xeral de Promoción da igualdade, en virtude da competencia delegada na disposición adicional segunda para resolver os procedementos de concesión,

RESOLVE:

Primeiro. Conceder as axudas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade (SI427A) que se relacionan no anexo I como consecuencia da aplicación dos criterios de valoración establecidos no artigo 14 da convocatoria, pola contía que se reflicte no anexo, por un importe total de 1.838.762,20 euros con cargo á aplicación orzamentaria 08.07.313B.481.2, proxecto de gasto 2023 00096.

Segundo. No anexo II relaciónanse as solicitudes que quedan na lista de espera por se ter esgotado o crédito dispoñible segundo a orde de puntuación para seren atendidas



no caso de producirse algunha renuncia ou algún incremento do crédito inicialmente dispoñible. Para estes efectos, o órgano instrutor poderá formular sucesivas propostas de resolución con anterioridade ao remate do prazo de xustificación das axudas.

Terceiro. Excluir e declarar desistidas as solicitudes que se relacionan no anexo III, con indicación da causa específica, por non cumpriren o requisito de emenda e/ou achega dos documentos preceptivos no prazo establecido, segundo o disposto no artigo 12 das bases reguladoras, ou ben por non cumpriren algún dos requisitos establecidos nas referidas bases.

Cuarto. Informar as beneficiarias que figuran no anexo I desta resolución do seguinte:

a) Esta convocatoria está cofinanciada nun 60 % pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, no obxectivo político 4. Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais; prioridade 2: Inclusión social e loita contra a pobreza; obxectivo específico 4.8: Fomentar a inclusión activa co obxecto de promover a igualdade de oportunidades, a non discriminación e a participación activa, e mellorar a empregabilidade, en particular para os grupos desfavorecidos; medida 2.H.03-Programa de atención a mulleres en situación de especial vulnerabilidade. Así mesmo, infórmase que a aceptación da subvención poderá implicar a súa aparición na lista de operacións que se publique nos termos establecidos no artigo 49.3 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021.

b) As subvencións para as actuacións e as actividades recollidas nesta convocatoria son incompatibles con calquera outra axuda pública para a mesma actuación ou actividade. Se a actividade ou actuación subvencionada xera ingresos como consecuencia de achegas das participantes, taxas de inscrición, matrículas ou equivalentes, o seu importe será deducido do gasto subvencionable despois de aplicar o tipo fixo no momento da concesión da axuda, en atención aos declarados, obtidos ou previstos na solicitude de axuda. Para o caso de que os ingresos obtidos non se fixesen constar na solicitude ou fosen superiores aos declarados nela, a dedución farase ou reaxustarase no momento do pagamento final.

c) As entidades beneficiarias deberán cumprir, en todo caso, cos requisitos e coas obrigas exixidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como coas condicións e coas obrigas establecidas no artigo 20 (Obrigas das entidades beneficiarias) das bases reguladoras e demais que resulten exixibles segundo a normativa de aplicación.



d) No artigo 22 (Minoración, reintegro e sancións) das bases reguladoras establécense os criterios de gradación dos posibles incumprimentos que determinan, se é o caso, a perda do dereito ao cobramento da subvención, a minoración da cantidade concedida ou, de ser o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida.

e) Unha vez notificada a resolución de concesión da subvención, a entidade beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez (10) días a súa aceptación, e comprometerse a executar o programa ou actuación subvencionada no prazo e nas condicións establecidas na convocatoria. No caso de non comunicar o dito aspecto no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada.

f) De acordo co establecido no artigo 19 das bases reguladoras, realizarase un primeiro pagamento do 90 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo unha vez realizada a notificación da resolución de concesión. As entidades beneficiarias quedan exoneradas da obriga de constituír garantías.

O 10 % restante, ou a parte que corresponda, librarase, logo da xustificación polas entidades beneficiarias do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e demais condicións exixidas nesta resolución.

g) O período de referencia para o desenvolvemento do correspondente programa e para a imputación dos gastos subvencionables será o comprendido entre o do 1 de setembro de 2025 e o 31 de agosto de 2026, ambos os dous incluídos.

h) A data límite para a presentación da documentación xustificativa necesaria para proceder ao pagamento da correspondente subvención é o 11 de setembro de 2026.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido para o efecto comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e as demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

i) A xustificación realizarase a través da modalidade de custos simplificados, segundo o previsto no Regulamento (UE) núm. 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021 e, concretamente, conforme o disposto nos artigos 53.1.b), 55.2.a), 53.3.a).i), 53.1.d) e 56.1 do devandito regulamento.



Quinto. Notificarles ás persoas interesadas esta resolución, de acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a directora xeral de Promoción da Igualdade, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2026. A conselleira de Política Social e Igualdade. P.D. (Disposición adicional segunda da Orde do 30.12.2025; DOG núm. 16, do 26 de xaneiro). María Quintiana Pérez. Directora xeral de Promoción da Igualdade.

CVE-DOG: e6xikgy2-tte8-jme3-asw3-dbd2phxuuhq0





ANEXO I
Concesións

Nº de expte.	Entidade	NIF	Denominación do programa	Datas de inicio e de fin do programa	Nº de horas imputadas ao programa	Custo persoal segundo o custo unitario hora	Importe 20 % tipo fixo	Total gasto elixible	Nº mínimo de usuarias	Ptos.	Intensidade da axuda	Importe da concesión
SI427A-2026-00000001-00	Asociación Integral das Persoas con Diversidade Funcional da Costa da Morte	G15173263	PIMD rural	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 735 Grupo II: 301,4	21.633,48	4.326,70	25.960,18	Nº mínimo: 24 Con atención continuada: 14	76	80 %	20.768,14
SI427A-2026-00000003-00	Asociación para o Desenvolvemento Social da Comarca do Deza	G36527745	Ollando cara o futuro VI	2.2.2026-31.8.2026	Grupo I: 650	14.014,00	2.802,80	16.816,80	Nº mínimo: 15 Con atención continuada: 9	79	80 %	13.453,44
SI427A-2026-00000005-00	Arelas. Asociación de Familias de Menores e Mocidade Trans de Galicia	G27820182	Apodéra-T. Ti, tránsito cara a túa liberdade	1.3.2026-31.8.2026	Grupo I: 480 Grupo II: 480	19.564,80	3.912,96	23.477,76	Nº mínimo: 22 Con atención continuada: 13	67	70 %	16.434,43
SI427A-2026-00000006-00	Patronato Concepción Arenal	G15030372	Mediación intercultural para mulleres Concepción Arenal: Raíces e Ás	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.980 Grupo II: 1.170 Grupo III: 1.720	93.962,80	18.792,56	112.755,36	Nº mínimo: 42 Con atención continuada: 42	94	90 %	40.000,00
SI427A-2026-00000007-00	Asociación Iris Social	G16824088	Redeiras	1.12.2025-31.8.2026	Grupo I: 801 Grupo II: 809	32.802,36	6.560,47	39.362,83	Nº mínimo: 37 Con atención continuada: 22	92	90 %	35.426,55
SI427A-2026-00000008-00	Asociación Amigos	G15747678	Programa mulleres, maltrato e prevención do maltrato	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.720	37.083,20	7.416,64	44.499,84	Nº mínimo: 40 Con atención continuada: 24	75	80 %	35.599,87
SI427A-2026-00000009-00	Asociación Galega para Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzheimer-Agadea	G15483498	Coidando na igualdade	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 884 Grupo II: 282	24.473,44	4.894,69	29.368,13	Nº mínimo: 27 Con atención continuada: 16	94	90 %	26.431,32
SI427A-2026-00000011-00	Asociación Participación	G32477127	Abrindo cancelas con flores	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 380	8.192,80	1.638,56	9.831,36	Nº mínimo: 9 Con atención continuada: 5	80	80 %	7.865,09
SI427A-2026-00000012-00	Asociación Aliad Ulteira	G27021120	Programa Senlleiras	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.546	33.331,76	6.666,35	39.998,11	Nº mínimo: 36 Con atención continuada: 22	75	80 %	31.998,49
SI427A-2026-00000013-00	Asociación Alume Saúde Mental	G27198977	Programa de apoio e rehabilitación con aloxamento para mulleres vulnerables con enfermidade mental	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.720	37.083,20	7.416,64	44.499,84	Nº mínimo: 15 Con atención continuada: 15	81	80 %	35.599,87
SI427A-2026-00000014-00	Fundación CIP	G15849318	IntegrAcción 25-26	20.10.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.720	37.083,20	7.416,64	44.499,84	Nº mínimo: 40 Con atención continuada: 24	90	90 %	39.247,59





Nº de expte.	Entidade	NIF	Denominación do programa	Datas de inicio e de fin do programa	Nº de horas imputadas ao programa	Custo persoal segundo o custo unitario hora	Importe 20 % tipo fixo	Total gasto elixible	Nº mínimo de usuarias	Ptos.	Intensidade da axuda	Importe da concesión
SI427A-2026-00000015-00	Fundación Impulsarse para el Desarrollo del Empleo y la Integración Social	G27866763	Gaia VII	1.12.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.306 Grupo II: 265	33.245,36	6.649,07	39.894,43	Nº mínimo: 37 Con atención continuada: 22	86	90 %	35.904,99
SI427A-2026-00000016-00	Asociación de Ayuda a la Vida-Ayuví	G36802536	Ti podes	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 412 Grupo II: 1.273	33.324,32	6.664,86	39.989,18	Nº mínimo: 39 Con atención continuada: 23	84	80 %	31.991,34
SI427A-2026-00000018-00	Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Lugo-Afalu	G27285980	Inclusión integral das mulleres coidadoras no rural	2.3.2026-31.8.2026	Grupo I: 650 Grupo II: 162,5	17.134,00	3.426,80	20.560,80	Nº mínimo: 19 Con atención continuada: 11	72	70 %	11.934,12
SI427A-2026-00000019-00	Asociación de Viúvas María Andrea	G32014334	Apoiando na soidade	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.108	23.888,48	4.777,70	28.666,18	Nº mínimo: 26 Con atención continuada: 16	71	70 %	20.066,33
SI427A-2026-00000021-00	Asociación de Mulleres Algueirada de Manzaneda	G32354227	Servizo de atención a mulleres maiores que viven soas ou con persoas dependentes ao seu cargo	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 81 Grupo II: 994	20.831,16	4.166,23	24.997,39	Nº mínimo: 25 Con atención continuada: 15	86	90 %	22.497,65
SI427A-2026-00000022-00	Down Pontevedra Xuntos Asociación Síndrome de Down	G36164887	Programa Intervención integral dirixido a mulleres coa síndrome de Down e discapacidade intelectual e súas familiares mulleres	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.298	27.984,88	5.596,98	33.581,86	Nº mínimo: 30 Con atención continuada: 18	72	70 %	23.507,30
SI427A-2026-00000023-00	Fundación Érguete-Integración	G36861078	Proxecto E.V.A. (Emprego-Visibilidade-Autonomía)	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.580 Grupo II: 140	36.752,80	7.350,56	44.103,36	Nº mínimo: 40 Con atención continuada: 24	85	90 %	39.693,02
SI427A-2026-00000024-00	Asociación Arraianas	G70179189	Programa Aloia	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.505 Grupo III: 53	33.335,55	6.667,11	40.002,66	Nº mínimo: 36 Con atención continuada: 22	94	90 %	36.002,39
SI427A-2026-00000025-00	Asociación Mulleres Pedra da Vella	G36837433	Amparando mulleres	2.2.2026-31.8.2026	Grupo I: 832 Grupo II: 870	34.641,92	6.928,38	41.570,30	Nº mínimo: 40 Con atención continuada: 24	74	70 %	29.099,21
SI427A-2026-00000026-00	ONG Mestura para la Integración Social de las Personas Inmigrantes y Emigrantes	G15940414	Programa Neneiras	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.552,5	33.471,90	6.694,38	40.166,28	Nº mínimo: 36 Con atención continuada: 22	100	100 %	40.000,00
SI427A-2026-00000027-00	Asociación Down Ourense	G32311870	Programa de acompañamento integral dirixido a mulleres con síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 250 Grupo II: 954	23.706,80	4.741,36	28.448,16	Nº mínimo: 28 Con atención continuada: 17	81	80 %	22.758,53





CVE-DOG: e6xlkgy2-tte8-jme3-asw3-dbd2phxuuhq0



XUNTA
DE GALICIA

ISSN 1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

Nº de expte.	Entidade	NIF	Denominación do programa	Datas de inicio e de fin do programa	Nº de horas imputadas ao programa	Custo persoal segundo o custo unitario hora	Importe 20 % tipo fixo	Total gasto elixible	Nº mínimo de usuarias	Ptos.	Intensidade da axuda	Importe da concesión
SI427A-2026-00000028-00	Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia-Fademur	G70101647	Servizo de atención a mulleres do rural en situación de vulnerabilidade	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.067 Grupo II: 535	33.276,52	6.655,30	39.931,82	Nº mínimo: 37 Con atención continuada: 22	80	80 %	31.945,46
SI427A-2026-00000029-00	Asociación Síndrome de Down de Lugo	G27202043	Atención integral para o fortalecemento das capacidades persoais, sociais e laborais das mulleres con síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais da provincia de Lugo	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.118	24.104,08	4.820,82	28.924,90	Nº mínimo: 26 Con atención continuada: 16	76	80 %	23.139,92
SI427A-2026-00000030-00	Congregación Siervas de la Pasión	R0800086A	Xestando, programa integral para mulleres xestantes e/ou lactantes vulnerables	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.090 Grupo II: 1.166	45.887,60	9.177,52	55.065,12	Nº mínimo: 20 Con atención continuada: 20	78	80 %	40.000,00
SI427A-2026-00000031-00	Asociación Diagnosticadas de Cancro de Mama e Xinecolóxico-Adicam	G36380301	Forza rapazas 2026! programa de apoderamento para mulleres en situación de especial vulnerabilidade	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.127	24.298,12	4.859,62	29.157,74	Nº mínimo: 26 Con atención continuada: 16	86	90 %	26.241,97
SI427A-2026-00000032-00	Asociación Érguete Prevención e Intervención en Condutas Adictivas	G36642726	Intervención desde unha perspectiva de xénero con mulleres reclusas ou exreclusas. É-muller	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.720	37.083,20	7.416,64	44.499,84	Nº mínimo: 40 Con atención continuada: 24	85	90 %	40.000,00
SI427A-2026-00000033-00	Unión Xeral de Traballadores de Galicia-UGT Galicia	G15383011	Servizo de atención a mulleres inmigrantes e emigrantes retornadas	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.471,6	31.727,70	6.345,54	38.073,24	Nº mínimo: 34 Con atención continuada: 20	76	80 %	30.458,59
SI427A-2026-00000034-00	Asociación Andaina Pro Saúde Mental	G70264999	A(poder)arte: programa de igualdade	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 989	21.322,84	4.264,57	25.587,41	Nº mínimo: 23 Con atención continuada: 14	86	90 %	23.028,67
SI427A-2026-00000036-00	Asociación Xarela Formación-Animación	G32261307	Valor-es, programa dirixido a mulleres en situación de especial vulnerabilidade	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.623	34.991,88	6.998,38	41.990,26	Nº mínimo: 38 Con atención continuada: 23	86	90 %	37.791,23
SI427A-2026-00000038-00	Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia-Feafes	G15545353	Atención integral a mulleres con problemas de saúde mental en situación de especial vulnerabilidade	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 40 Grupo II: 1.721	33.905,60	6.781,12	40.686,72	Nº mínimo: 41 Con atención continuada: 25	81	80 %	32.549,38
SI427A-2026-00000040-00	Cruz Roja Española	Q2866001G	Cerca de ti	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.720	37.083,20	7.416,64	44.499,84	Nº mínimo: 40 Con atención continuada: 24	75	80 %	35.599,87
SI427A-2026-00000041-00	Asociación Red Madre Ourense	G32394082	Nais	1.9.2025-31.8.2026	Grupo II: 619 Grupo III: 748	24.413,80	4.882,76	29.296,56	Nº mínimo: 32 Con atención continuada: 19	79	80 %	23.437,25

DOG Núm. 88

Mércores, 13 de maio de 2026

Páx. 27789



DOG

Diario Oficial de Galicia



CVE-DOG: e6xlkgy2-tte8-jme3-asw3-dbd2phxuuhq0



XUNTA
DE GALICIA

ISSN 1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

Nº de expte.	Entidade	NIF	Denominación do programa	Datas de inicio e de fin do programa	Nº de horas imputadas ao programa	Custo persoal segundo o custo unitario hora	Importe 20 % tipo fixo	Total gasto elixible	Nº mínimo de usuarias	Ptos.	Intensidade da axuda	Importe da concesión
SI427A-2026-00000042-00	Asociación Red Madre Pontevedra	G27707686	Nais	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 615 Grupo III: 742	25.687,90	5.137,58	30.825,48	Nº mínimo: 32 Con atención continuada: 19	79	80 %	24.660,38
SI427A-2026-00000044-00	Faraxa pola Abolición da Prostitución	G27728658	Importas 8: atención integral ás mulleres inmigrantes en situación de especial vulnerabilidade	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.153 Grupo II: 63 Grupo III: 434	33.337,78	6.667,56	40.005,34	Nº mínimo: 38 Con atención continuada: 23	84	80 %	32.004,27
SI427A-2026-00000045-00	Auxilia Delegación de Lugo	G08317059	Diversas pero iguais XII	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 550	11.858,00	2.371,60	14.229,60	Nº mínimo: 13 Con atención continuada: 8	86	90 %	12.806,64
SI427A-2026-00000046-00	Asociación Familiares Enfermos Alzhéimer Chantada	G27320225	Gabinete de apoio á muller coidadora	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 564 Grupo II: 1.103	33.337,44	6.667,49	40.004,93	Nº mínimo: 39 Con atención continuada: 23	94	90 %	36.004,44
SI427A-2026-00000047-00	Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra-Femupo	G94200326	Femupo contigo	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.016	21.904,96	4.380,99	26.285,95	Nº mínimo: 24 Con atención continuada: 14	88	90 %	22.730,00
SI427A-2026-00000048-00	Asociación Puntodelas-Secretaría das Mulleres	G70370119	Escola de igualdade	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 280 Grupo II: 2.018	44.782,40	8.956,48	53.738,88	Nº mínimo: 53 Con atención continuada: 32	69	70 %	37.617,22
SI427A-2026-00000051-00	Asociación de Mulleres en Igualdade de Tui	G94194701	Integralab	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 415 Grupo III: 576	18.595,40	3.719,08	22.314,48	Nº mínimo: 23 Con atención continuada: 14	89	90 %	20.083,03
SI427A-2026-00000053-00	Asociación de <i>coaching</i> para el Desarrollo Social y Comunitario Daleth	G70480595	Bolboretas 10.0	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.546	33.331,76	6.666,35	39.998,11	Nº mínimo: 36 Con atención continuada: 22	81	80 %	31.998,49
SI427A-2026-00000054-00	Down Vigo Asociación para el Síndrome de Down	G36697324	Recursos integrais de atención personalizada e grupal de mulleres con síndrome de Down e discapacidade	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.720	37.083,20	7.416,64	44.499,84	Nº mínimo: 40 Con atención continuada: 24	81	80 %	35.599,87
SI427A-2026-00000058-00	Confederación Galega de Persoas con Discapacidade-Cogami	G32115941	Servizo de atención especializada á muller con discapacidade	1.1.2026-31.8.2026	Grupo I: 2.210,25	44.161,53	8.832,31	52.993,84	Nº mínimo: 51 Con atención continuada: 31	75	80 %	40.000,00
SI427A-2026-00000059-00	Asociación Labregas	G15945686	Sensibilización e prevención social e dinamización comunitaria	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 448 Grupo II: 1.963	47.348,48	9.469,70	56.818,18	Nº mínimo: 56 Con atención continuada: 34	69	70 %	39.772,73
SI427A-2026-00000060-00	Asociación para el Empoderamiento de Personas Vulnerables y o Riesgo de Exclusión-APERES	G70573514	Programa APERES 25/26 de atención a mulleres	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 450 Grupo II: 240	14.310,00	2.862,00	17.172,00	Nº mínimo: 16 Con atención continuada: 10	89	90 %	15.454,80

DOG Núm. 88

Mércores, 13 de maio de 2026

Páx. 27790



DOG

Diario Oficial de Galicia



CVE-DOG: e6xlkgy2-tte8-jme3-asw3-dbd2phxuuhq0



XUNTA
DE GALICIA

ISSN 1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

Nº de expte.	Entidade	NIF	Denominación do programa	Datas de inicio e de fin do programa	Nº de horas imputadas ao programa	Custo persoal segundo o custo unitario hora	Importe 20 % tipo fixo	Total gasto elixible	Nº mínimo de usuarias	Ptos.	Intensidade da axuda	Importe da concesión
SI427A-2026-00000061-00	Valoresc Innovation	G70377585	A tribo de Malala	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.254 Grupo III: 236	30.989,24	6.197,85	37.187,09	Nº mínimo: 35 Con atención continuada: 21	80	80 %	29.749,67
SI427A-2026-00000062-00	Asociación Ecos do Sur	G15354483	Apoio a nais	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.653 Grupo II: 72	37.021,08	7.404,22	44.425,30	Nº mínimo: 40 Con atención continuada: 24	94	90 %	39.982,77
SI427A-2026-00000063-00	Asociación pola Igualdade e a Coeducación-Ápico	G94088549	Programa Ápico 2025/2026: plan de loita, información e apoio integral para as vítimas de violencia de xénero	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 270 Grupo II: 610	17.533,20	3.506,64	21.039,84	Nº mínimo: 20 Con atención continuada: 12	88	90 %	18.935,86
SI427A-2026-00000065-00	Asociación Mirabal	G70312954	Programa Mimosa 2025/2026	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 380 Grupo II: 180 Grupo III: 100	13.323,80	2.664,76	15.988,56	Nº mínimo: 15 Con atención continuada: 9	88	90 %	14.389,70
SI427A-2026-00000067-00	Asociación Redmadre Coruña	G70180229	Briana	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 949	20.460,44	4.092,09	24.552,53	Nº mínimo: 22 Con atención continuada: 13	79	80 %	19.642,02
SI427A-2026-00000068-00	Mulleres en Igualdade de Cerdedo-Cotobade A Lama A Ponte de Caldelas	G94172277	Raíces seguras: atención integral a mulleres en situación de especial vulnerabilidade no rural	1.1.2026-31.8.2026	Grupo I: 135 Grupo III: 170	5.758,10	1.151,62	6.909,72	Nº mínimo: 7 Con atención continuada: 4	80	80 %	5.527,78
SI427A-2026-00000069-00	ONGD Senvalos	G70610282	Programa Valía	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.840 Grupo III: 164	42.417,40	8.483,48	50.900,88	Nº mínimo: 47 Con atención continuada: 28	94	90 %	40.000,00
SI427A-2026-00000070-00	Asociación Síndrome de Down da Coruña	G15731466	Atención integral e inclusión laboral de mulleres con discapacidade intelectual	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 946	20.395,76	4.079,15	24.474,91	Nº mínimo: 22 Con atención continuada: 13	79	80 %	19.579,93
SI427A-2026-00000071-00	Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia	G15068091	Recursos especializados para mulleres xordas	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.295	27.920,20	5.584,04	33.504,24	Nº mínimo: 30 Con atención continuada: 18	80	80 %	26.803,39
SI427A-2026-00000073-00	Fundación Amigos de Galicia	G15859911	A-podérate 2026-programa integral de atención especializada a mulleres en situación de exclusión	1.10.2025-31.8.2026	Grupo I: 580 Grupo II: 980	31.320,80	6.264,16	37.584,96	Nº mínimo: 36 Con atención continuada: 22	80	80 %	30.067,97
SI427A-2026-00000074-00	Cáritas Diocesana de Tui-Vigo	R36003681	Agarimo XI	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 900	19.404,00	3.880,80	23.284,80	Nº mínimo: 21 Con atención continuada: 13	67	70 %	16.299,36
SI427A-2026-00000075-00	Asociación Penitenciaria Concepción Arenal	G27119809	Atención integral a mulleres en situación pre, intra e post penitenciaria e familiares afectadas	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.645	35.466,20	7.093,24	42.559,44	Nº mínimo: 38 Con atención continuada: 23	91	90 %	38.303,50

DOG Núm. 88

Mércores, 13 de maio de 2026

Páx. 27791



DOG

Diario Oficial de Galicia



Nº de expte.	Entidade	NIF	Denominación do programa	Datas de inicio e de fin do programa	Nº de horas imputadas ao programa	Custo persoal segundo o custo unitario hora	Importe 20 % tipo fixo	Total gasto elixible	Nº mínimo de usuarias	Ptos.	Intensidade da axuda	Importe da concesión
SI427A-2026-00000076-00	Asociación Limisi	G32302671	Tecendo sororidade	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 900 Grupo II: 1.000	38.604,00	7.720,80	46.324,80	Nº mínimo: 44 Con atención continuada: 26	80	80 %	37.059,84
SI427A-2026-00000077-00	Asociación Ámbar	G15052434	OIGO. Programa integral de apoderamento e autoxestión para mulleres	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 192 Grupo II: 133,25 Grupo III: 230	10.550,42	2.110,08	12.660,50	Nº mínimo: 13 Con atención continuada: 8	81	80 %	10.128,40
SI427A-2026-00000080-00	Asociación Diversidades	G27783950	Donas 2025-26	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.364 Grupo III: 237	33.377,59	6.675,52	40.053,11	Nº mínimo: 37 Con atención continuada: 22	76	80 %	32.042,49
SI427A-2026-00000082-00	Federación Escuelas Familiares Agrarias Galicia	G15299357	Mulleres que suman	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.720	37.083,20	7.416,64	44.499,84	Nº mínimo: 40 Con atención continuada: 24	89	90 %	40.000,00
SI427A-2026-00000083-00	Asociación Albores Saúde Mental	G27252279	Redemente 2025-2026	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 265 Grupo II: 190	9.203,30	1.840,66	11.043,96	Nº mínimo: 11 Con atención continuada: 7	94	90 %	9.939,56
SI427A-2026-00000084-00	Asociación Veciñal As Termas	G32334989	Espazo veciñal de apoio ás mulleres	1.12.2025-31.8.2026	Grupo I: 492	10.607,52	2.121,50	12.729,02	Nº mínimo: 11 Con atención continuada: 7	78	80 %	9.209,72
SI427A-2026-00000085-00	Agrupación de Asociacións Veciñais do Rural e Periferia do Concello Ourense-Miño	G32408023	Rede veciñal de mulleres	1.9.2025-30.8.2026	Grupo I: 780	16.816,80	3.363,36	20.180,16	Nº mínimo: 18 Con atención continuada: 11	84	80 %	16.144,13
SI427A-2026-00000086-00	Asociación de Acción Social, Educación Permanente y de Servicios a la Juventud y a la Mujer Tempus	G15681000	Mulleres tecendo redes	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.720	37.083,20	7.416,64	44.499,84	Nº mínimo: 40 Con atención continuada: 24	89	90 %	40.000,00
SI427A-2026-00000087-00	Asociación Antonio Noche	G15210388	Confeccionando o teu futuro	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 1.410 Grupo II: 140,85	33.103,92	6.620,78	39.724,70	Nº mínimo: 36 Con atención continuada: 22	88	90 %	35.752,23

ANEXO II
Lista de espera

Orde lista espera	Nº de expte.	Entidade	NIF	Denominación do programa	Datas de inicio e de fin do programa	Nº de horas imputadas ao programa	Custo persoal segundo o custo unitario hora	Importe 20 % tipo fixo	Total gasto elixible	Nº mínimo de usuarias	Ptos.
1	SI427A-2026-00000010-00	Asociación Síndrome de Down Teima de Ferrol	G15458060	Mulleresteimudas: apoio na etapa adulta ás mulleres coa síndrome de Down e discapacidade intelectual	1.9.2025-29.7.2026	Grupo I: 774	16.687,44	3.337,49	20.024,93	Nº mínimo: 18 Con atención continuada: 11	66,00



Orde lista espera	Nº de expte.	Entidade	NIF	Denominación do programa	Datas de inicio e de fin do programa	Nº de horas imputadas ao programa	Custo persoal segundo o custo unitario hora	Importe 20 % tipo fixo	Total gasto elixible	Nº mínimo de usuarias	Ptos.
2	SI427A-2026-00000017-00	Federación Aspace Galicia	G36344950	Atención especializada a mulleres con parálise cerebral	1.1.2026-31.8.2026	Grupo II: 1.505	28.896,00	5.779,20	34.675,20	Nº mínimo: 35 Con atención continuada: 21	65,00
3	SI427A-2026-00000004-00	CIMO, Entidad Prestadora de Servicios	G32010449	Activate	1.1.2026-31.8.2026	Grupo I: 348	7.502,88	1.500,58	9.003,46	Nº mínimo: 8 Con atención continuada: 5	65,00
4	SI427A-2026-00000043-00	Fundación Ronseil	G15752660	Córdoba: apoderamento da muller migrante e retornada galega a través do emprego e do emprendemento	1.1.2026-31.8.2026	Grupo II: 1.161	22.291,20	4.458,24	26.749,44	Nº mínimo: 27 Con atención continuada: 16	65,00
5	SI427A-2026-00000020-00	Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer y otras Demencias de Galicia-Afaga	G36776920	Programa de atención integral ás mulleres coidadoras de persoas con demencia	1.9.2025-31.8.2026	Grupo I: 2.550	54.978,00	10.995,60	65.973,60	Nº mínimo: 59 Con atención continuada: 35	62,00
6	SI427A-2026-00000035-00	Asociación Woman Defense Solidaria	G10547644	Woman Defense en Galicia	1.6.2026-31.8.2026	Grupo II: 100 Grupo III: 440	9.290,00	1.858,00	11.148,00	Nº mínimo: 13 Con atención continuada: 8	58,00
7	SI427A-2026-00000056-00	Asociación O Son do Pobo	G94017704	Programa integral inserción e regularización sociolaboral mulleres inmigrantes en situación irregular	1.4.2026-31.8.2026	Grupo I: 800	17.248,00	3.449,60	20.697,60	Nº mínimo: 19 Con atención continuada: 11	57,00
8	SI427A-2026-00000039-00	Aspnais-Asociación de Padres o Tutores de Personas con Discapacidad Intelectual de Lugo	G27018365	Programa de igualdade para as mulleres con discapacidade intelectual de Aspnais	1.9.2025-15.7.2026	Grupo I: 560 Grupo II: 560 Grupo III: 400	29.525,60	5.905,12	35.430,72	Nº mínimo: 35 Con atención continuada: 21	56,00
9	SI427A-2026-00000050-00	Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines Amencer-Aspace	G36153757	Coidar(se): Coidarse para coidar	1.9.2025-31.7.2026	Grupo I: 188,5 Grupo III: 657,5	15.077,19	3.015,44	18.092,63	Nº mínimo: 20 Con atención continuada: 12	55,00
10	SI427A-2026-00000064-00	Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo	G36928646	A inserción no camiño cara á igualdade	2.3.2026-31.8.2026	Grupo II: 480	9.216,00	1.843,20	11.059,20	Nº mínimo: 11 Con atención continuada: 7	52,00
11	SI427A-2026-00000079-00	Asociación Coruñesa de Esclerosis Múltiple	G15510266	Programa de acollida e información a mulleres con esclerose múltiple	1.1.2026-31.8.2026	Grupo I: 1.048	22.594,88	4.518,98	27.113,86	Nº mínimo: 24 Con atención continuada: 14	51,00
12	SI427A-2026-00000052-00	Asociación Axel- Asociación de Xóvenes Emprendedores Lucenses	G27305218	Triple E: Emprego, Apoderamento e Aprendizamento	6.4.2026-31.8.2026	Grupo I: 160 Grupo II: 160 Grupo III: 438	13.858,10	2.771,62	16.629,72	Nº mínimo: 18 Con atención continuada: 11	46,00



ANEXO III

Solicitudes excluídas e desistidas

Nº de expte.	Entidade	NIF	Denominación do programa	Causa
SI427A-2026-00000066-00	Asociación de Mulleres Rurais entre Mulleres	G75632000	Mulleres que importan	Artigo 5.10 das bases reguladoras: non acada unha puntuación mínima de 45 puntos.
SI427A-2026-00000002-00	Asociación Cultural Progreso	G70232202	Programa Acompáñate no RURAL	Desistencia expresa: artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
SI427A-2026-00000037-00	Asociación de Movilidad Humana para la Colaboración y el Desarrollo	G70464334	Espazo integral de acompañamento para mulleres	Artigo 12.1 das bases reguladoras: non presenta a documentación requirida mediante a Resolución do 18 de marzo de 2026 (DOG núm. 58, do 27 de marzo).
SI427A-2026-00000049-00	Fundación Amigó	G81454969	Acompañando	Artigo 12.1 das bases reguladoras: non presenta a documentación requirida mediante a Resolución do 18 de marzo de 2026 (DOG núm. 58, do 27 de marzo).
SI427A-2026-00000055-00	A Casa das Redes, S. Coop. Galega	F75415836	Programa Mulleres Atlánticas 360º-Baiona-Nigrán	Artigo 4.2 das bases reguladoras: entidade que está excluída do ámbito de aplicación da convocatoria.
SI427A-2026-00000057-00	Asociación Xuvenil Cultural Staccato	G36592582	Programa de musicoterapia para a inclusión social, bienestar emocional e participación comunitaria	Artigo 4.1.a) das bases reguladoras: a entidade non está inscrita na Área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS).
SI427A-2026-00000072-00	Asociación Rexurdir de Actividades Sociales	G36046241	Avanza: itinerarios de inserción sociolaboral para mulleres migrantes	Artigo 12.1 das bases reguladoras: non presenta a documentación requirida mediante a Resolución do 18 de marzo de 2026 (DOG núm. 58, do 27 de marzo).
SI427A-2026-00000078-00	Asociación Ayuda al Desahuciado	G94121597	-	Artigo 4.1.a) das bases reguladoras: a entidade non está inscrita na Área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS).
SI427A-2026-00000081-00	Alianza de Mulleres Rurais	G27873660	Rede de apoio integral para mulleres (RAM)	Artigo 4.1.a) das bases reguladoras: a entidade non está inscrita na Área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS).